



Audioguía de Camiño de Santiago e rutas históricas

Os camiños desta terra non son só sendeiros, son a memoria viva, recollendo miles de pasos, de historias e de ideas que confluíron aquí desde hai séculos. Esta comarca non é só un lugar de paso, senón un auténtico nó de rutas históricas onde a pegada xacobeá e outras rutas históricas converxen, poñendo en valor a súa importancia como enclave de tránsito milenario.

Historicamente, o territorio é atravesado por cinco importantes rutas: a Vía da Prata (Camiño Sanabrés), o Camiño de Inverno, o Camiño Miñoto Ribeiro, o Camiño da Geira e dos Arrieiros e o Camiño de Taverneiro. Estes camiños víronse complementados con camiños vreeiros, vinculados historicamente con dous centros xeoestratéxicos de poder como eran os mosteiros de Aciveiro en Forcarei e Carboeiro en Silleda. E tamén cos camiños reais que levaban as feiras medievais de Soutelo de Montes, seguindo o trazado do Camiño Miñoto Ribeiro ou de Agolada onde os pendellos son testemuña dese pasado. Esta confluencia de intercambio comercial e peregrinación confírelles un carácter especial aos camiños de Santiago por Deza-Tabeirós-Montes. Estes camiños reais foron tamén rutas de comercio e de feiras. Se queres coñecer a nosa tradición culinaria e os produtos que viaxaron por eles, non deixes de escoitar a audioguía da Gastronomía.

Unha das pegadas máis visible do paso da historia e da importancia dos camiños a Santiago de Compostela atópase nas nosas pontes. A Ponte Taboada, en Lalín, eríxese imponente sobre o río Deza, cunha estrutura de arco único que foi vital para o tránsito medieval. Seguindo o curso da historia, atopamos a ponte medieval de Pedroso, en Rodeiro, e a fermosa Ponte románica de Pontevea, en A Estrada, que non só marcaba un dos últimos grandes pasos antes de Compostela, senón que serviu historicamente como fronteira e punto de cobro de peaxes. Outros fitos imprescindibles son a Ponte Gomial e a Ponte Vella de Andón, ambas sobre o río Lérez en Forcarei, e a Ponte dos Cabalos sobre o río Arnego, na Agolada. Estas pontes non son só arquitectura, son símbolos do tránsito histórico de peregrinación e mercadorías e elementos esenciais que unen o noso pasado co noso presente. A outra pegada atopámola na toponimia dos lugares do camiño desde a Portela de Lamas, en Forcarei, como espazo de acceso ao Camiño Miñoto entre dúas



provincias; a ponte do Hospital no Camiño de Inverno, en Rodeiro, en alusión a un hospital de peregrinos ou lugares como O Mesón de Cuñarro na Vía da Prata en Lalín.

Pero a nosa condición de terra de paso é moito máis antiga ca o Camiño de Santiago. A Vila romana de Porta de Arcos, en Rodeiro, vinculada á Vía Romana XIX, que unía a actual Braga con Lugo, lémbra-nos que xa dende a época romana, esta era unha zona xeoestratéxica, fundamental para a organización do territorio, funcionando como un eixe económico e lugar de residencia para a elite local.

O corazón verde de Galicia está formado por un milenario entramado de camiños e rutas. Atrévete a descubrir os seus segredos.